



Entrevista a Raquel López Doce, portavoz municipal do BNG e membro da comisión de urbanismo do Concello

Isto do PXOM xa parece a historia interminábel?

Efectivamente, o PP leva gobernando A Estrada 16 anos e leva dous intentos de elaborar un PXOM: o primeiro foi liquidado polo Alcalde, o Sr. Campos, que parecía que non lle gustaba, e o segundo está en suspenso a súa aprobación definitiva até que o Goberno Municipal do PP lle faga as modificacións necesarias a un PXOM que o BNG xa avisou que non ía contar coa aprobación definitiva da Consellaría polas múltiples deficiencias con que conta.

Partimos da base de que un Plan Xeral de Urbanismo é necesario para un crecemento axeitado e ordenado dun Concello, pero, non pode haber certa contradición entre a necesidade dun PXOM e votar non ao mesmo?

Imos ver: un Plan Xeral é tan necesario como as normas de circulación viaria, se se me permite esta comparación. Non pode ser que cada quen constrúa onde lle pete e como lle dea a gana, do mesmo xeito que non poder ser que cada quen conduza por onde queira e como queira. Iso non pode ser, sería unha especie de anarquía, a lei dos máis fortes, non?. Pero cando se elabora un PXOM, ademais do marco legal que hai que respectar e no que hai que encaixar esta norma municipal, tamén hai que ter en conta as necesidades das veciñas e dos veciños, por exemplo: haberá que reservar solo para vivendas de promoción

pública, para que persoas con menos recursos teñan acceso a unha vivenda digna; non di iso a Constitución Española que tanto defende o PP?. Ou, tamén, contemplar solo industrial para que as empresas se poidan asentar legalmente. Estes son exemplos facilmente comprensíbeis pola maioría das veciñas e veciños, pero parece que para a equipo de goberno do PP isto non entra dentro das súas prioridades, que parecen máis preocupados en fomentar certos intereses particulares. Estes son só dous exemplos, podería citar outros igual de importantes, pero coído que queda perfectamente explicado por que o BNG votou non a ESTE PXOM.

O 8 de maio o PP recibiu con certa sorpresa o ditame da Xunta?

Para o BNG o ditame da Xunta non foi unha sorpresa, que xa avisamos, concretamente o 31 de xaneiro, cando o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o PXOM, de que este ía rexeitarse, como así foi. O ditame da Consellaría é demoledor, as modificacións son de tal calibre que na práctica implica case facer un novo Plan Xeral. Como xa dixemos, ademais de non reservar solo para vivendas de promoción pública, a estratexia económico-financieira non é realista, non se xustifican adecuadamente determinadas cuestións como as áreas de expansión dos núcleos rurais, nin as bolsas de solo industrial, hai até erros na propia tramitación do PXOM.

"...haberá que reservar solo para vivendas de promoción pública, para que persoas con menos recursos teñan acceso a unha vivenda digna..."

Daquela, con modificar as cuestións que solicita a Consellaría xa está, non?

O peor é que co tempo dispoñíbel se require un forte ritmo de traballo, que, temos que recordalo, non foi unha das características da elaboración deste Plan. As modificacións son tan importantes que hai que facer unha exposición pública durante un mes, que terá que estar a disposición das veciñas e veciños como moi tarde o 1 de xullo; logo a comisión ten que ditaminalas e o Pleno ten que aprobar de novo o PXOM e enviarllo a Consellaría. En resumo: Antes do 16 de agosto ten que estar aprobado o PXOM, porque nesta data cúmprese o prazo de dous anos coas licenzas paralisadas, e se non se aproba o plan, implica automaticamente o levantamento das licenzas e a entrada en vigor das normas subsidiarias de planeamento, é dicir, a anarquía na vila e a condena a morte do rural.

Parece unha situación límite?

Así é. A esta situación non se chegou por casualidade.



A elaboración deste PXOM foi xa accidentada desde o principio, xa que a equipo redactora o mantivo practicamente paralizado até outubro de 2002, cuestión que foi denunciada non seu momento polo BNG, solicitando a rescisión do contrato da empresa que o estaba elaborando. O PP acordou a paralización da súa redacción por mor da inminente entrada en vigor da Lei do Solo, que suscitou a denuncia do BNG solicitando que se continuara co proceso adaptando logo as cuestións que houber, xa que esta nova Lei do Solo era moito máis restritiva ca anterior. **Non podemos esquecer que a Lei 9/2002 é unha lei elaborada e aprobada en solitario polo PP, e o PP da Estrada tiña que coñecer o seu contido e que ía ser máis prexudicial cá anterior.** Retomouse logo a redacción pasadas as eleccións locais de 2003, pero pouco despois dimite das súas funcións o anterior Concelleiro de Urbanismo que é substituído por José Manuel Reboredo. Desde 2003 a 2006 o PP non foi capaz ou non quixo sacar adiante o Plan Xeral, e pretende agora sacalo en dous meses.

"O ditame da Consellaría é demoledor, as modificacións son de tal calibre que na práctica implica case facer un novo Plan Xeral"

Nin feito a propósito...

Como xa dixen o PP leva gobernando na Estrada 16 anos, e en todo este tempo pasaron polas súas mans dous PXOM, que non foi capaz rematar, e durante todo este período cometéronse múltiples infraccións urbanísticas, que foron cualificadas como tales polos tribunais, por mor das denuncias presentadas polo BNG. Que cada quen saque as súas propias conclusións; todos sabemos quen gana en que perde con esta situación.

Perde A Estrada...

Efectivamente, perde A Estrada. O noso Concello está nun enclave privilexiado, con enormes potencialidades, pero está en coma con respiración asistida, e cun equipo sanitaria, o PP, cansa, carente de ideas e de obxectivos.

O PP apela ao consenso do resto das forzas políticas para solventar esta situación, que fará o BNG ao respecto?

En primeiro lugar destacar que o BNG estivo presente desde o seu inicio na Comisión de Urbanismo, apoiando aquelas cuestións coas que estabamos de acordo, -as menos, por desgraza-, e denunciando e opoñéndonos a aquelas cuestións coas que non estabamos conformes. Neste sentido, coido que

actuamos responsabelmente, xa que para iso nos votaron as veciñas e veciños da Estrada, para estar presentes alí onde se deciden cousas que atinxen aos seus intereses, que son os de todas e todos. Polo tanto o PP pode contar co noso apoio para aquelas cuestións que non prexudiquen a meirande parte da veciñanza; o que non vamos a facer é comulgar con rodas de muíño .

E en segundo lugar, dicir, que a esta situación límite levounos o PP e correspóndelle ao PP sacarnos dela. O PP ten maioría absoluta, leva 16 anos gobernando con maioría absoluta, e durante este período tivo tempo de sobra para sacar adiante un plan xeral, e ao Partido Popular lle corresponde a responsabilidade de sacar adiante e aprobar este PXOM no curto espazo de tempo que resta até o 16 de agosto.

"O PP ten maioría absoluta, leva 16 anos gobernando con maioría absoluta, e durante este período tivo tempo de sobra para sacar adiante un plan xeral, e ao Partido Popular lle corresponde a responsabilidade de sacar adiante e aprobar este PXOM"

Nós non imos pór atrancos, todo o contrario, pero o PP continúa a actuar cinicamente; publicamente de cara aos medios de comunicación pide consenso, pero actúa en solitario coa mesma prepotencia de sempre, nun mes só convocou unha Comisión de Urbanismo, temos que coñecer pola prensa das decisións que van tomando, non fomos convidados á entrevista coa consellaría e tivemos que ser nós os que solicitamos acudir, ...

Estades de acordo coa petición realizada polo PP de facer unha aprobación parcial do PXOM e levantar a suspensión de licenzas no casco urbano?

Non, de ningún xeito. Para nós non é aceptábel ningunha solución que non recolla ao rural; **a paralización de licenzas no rural empezou o 1 de xaneiro de 2003 coa entrada en vigor da Lei 9/2002, case 1 ano antes cá no casco urbano, e consideramos que o PP non ten máis alternativa ca aprobar o PXOM, calquera solución que se adopte ten que permitir a concesión de licenzas no rural;** non só porque sexamos conscientes de que hai moitos estradenses que teñen pendente a construción das súas vivendas, senón tamén porque esa é a actividade de **moitos pequenos construtores que levan xa tres anos e medio de inactividade.**

Un plan perfectamente orquestrado para non ter PXOM

O tempo proporciona a xusta medida de todas as cousas e feitos illados ocorridos hai anos, outros non tanto, debidamente analizados proporcionan unha conclusión que non admite dúbidas: o PP da Estrada non quere aprobar NINGÚN PXOM.

Temos que remontarnos ao ano 1991 cando, impulsados por intereses especulativos contrarios á elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Urbana, **o PP compra o voto dun concelleiro do PSOE** e cos 3 concelleiros dos independentes da Estrada, liderados polo actual Alcalde, Ramón Campos, que desbancan ao BNG e ao PSOE do goberno municipal. **A partires dese intre comeza un período, que aínda non rematou hoxe**, de especulación urbanística no noso Concello, un período no que o actual Alcalde, e gran parte do equipo de goberno e o Deputado Jesús Palmou, que era concelleiro a mediados da década dos noventa, conceden licenzas ilegais á marxe da normativa urbanística vixente, as Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento do ano 1978.

Algunhas destas licenzas ilegais foron denunciadas no seu día polo BNG perante a xustiza ordinaria, que ditaminou a ilegalidade destas construcións, o que constitúe un presunto delito de prevaricación nos membros da Comisión de goberno do PP, moitos deles actuais concelleiros como o propio Alcalde, Ramón Campos, José Manuel Reboredo, etc. Malia a todo, esta sentenza do Tribunal Supremo non serviu para que as autoridades competentes tomaran boa nota do que se estaba a cocer na Estrada, mirando para outro lado, estivera que estivera ao mando destes organismos, sexa o PP ou o PSOE, que deberían velar polo cumprimento estrito da lei.

Así as cousas, o PP finalmente decidiu facer un Plan urbanístico na Estrada iniciándose o primeiro no ano 2001 que non chegou moi lonxe, xa que cando se estaba preto da súa aprobación por parte da Corporación, o Alcalde, Ramón Campos, bótao abaixo.

Pouco despois iniciase outro PXOM con outro equipo redactor, a Empresa ADIU SL, -que se comprometía a elaboralo en 6 meses- cuxa redacción queda paralizada desde outubro de 2002 coa oposición do BNG e que xa demandaba a aquela altura a rescisión do contrato con ADIU xa que transcorreran 8 meses desde a adxudicación e os traballos a penas estaban comezados, desde o BNG defendemos que se aprobara o PXOM segundo a Lei vixente naquel momento, realizando despois os cambios que foran precisos para adaptalo á nova Lei en tramitación, o PP opúxose e o PXOM quedou paralizado até pasadas as eleccións locais de 2003; dimite das súas funcións o daquela Concelleiro de Urbanismo Jesús Uzal, debido ás manobras na sombra do Alcalde, sendo substituído por José Manuel Reboredo.

O 25 de setembro de 2003 decrétase a paralización potestativa das licenzas, co consenso dos tres grupos políticos municipais, tomando esta decisión por dous motivos principais: os "movementos" especulativos que se estaban a producir -presentación de proxectos inviábeis se houber PXOM- e a afirmación de ADIU de que en tres meses o PXOM estaría listo para a aprobación inicial. A suspensión potestativa non durou tres meses senón 11 ao límite dun ano que fixa a Lei do Solo. A aprobación inicial produciuse o 16 de agosto de 2004 procedéndose a súa primeira exposición pública para a presentación de alegacións.



Algúns dos novos edificios da Rúa Xusto Martínez foron feitos con licenzas declaradas ilegais polos tribunais

O PXOM non se aproba definitivamente até o 31 de xaneiro de 2006, coa oposición do BNG, en coherencia co traballo realizado na Comisión de Urbanismo, e coa advertencia de que non ía ser aprobado. O documento presentouse á Consellaría para a súa aprobación definitiva, e que acabamos de recibir a Resolución que non outorga a aprobación e



que na práctica remite ao Concello unha invitación a refacer o PXOM de principio a fin, retrotraéndose á fase posterior á aprobación inicial, isto é: 1) correccións, 2) aprobación provisional, 3) exposición pública, 4) remisión á Consellería para a aprobación definitiva, nunha marxe temporal moi limitada, o 17 de agosto de 2006, data na que se cumpren os dous anos da aprobación inicial.

Logo de que o Grupo de Goberno retrasara inxustificadamente a redacción dun PXOM, logo de que o BNG puxera de manifesto en reiteradas ocasións a incapacidade do equipo redactor de elaborar un Plan coas condicións mínimas para ser aprobado, tal e como manifestou o BNG no seu día por medio das alegacións que se presentaron ao mesmo, e diante da incapacidade do Grupo de Goberno, que a día de hoxe aínda non ten establecido un Plan de traballo para superar esta situación, **desde o BNG xa nos preguntamos se son realmente tan incompetentes; se o son teñen que dimitir, ou senón, é que as actuacións que viñeron desenvolvendo foron realizadas seguindo unha estratexia para que A Estrada non teña un PXOM?, neste outro caso tamén teñen que dimitir.**

Coma na película de Oliver Stone sobre o asasinato de Kenedy obteremos a resposta coa formulación da pregunta ¿a quen beneficia a situación urbanística da Estrada xerada nos anos que leva gobernando Ramón Campos?.

Falando de todo un pouco:

O PP hipoteca o noso futuro

O BNG foi o único que quixo solucionar o problema do IBI, e solucionámolo, dando sobradas mostras de saber gobernar e solucionar os problemas dos viciños e viciñas de A Estrada, daquela só o BNG fará políticas de austeridade e aforro no gasto corrente, de control no gasto de persoal, de incremento das inversións, en definitiva unha política económica eficiente e acaída ás necesidades do noso Concello

O BNG de A Estrada apresentou no pleno celebrado o 13 de marzo unha emenda á totalidade dos orzamentos realizados polo PP para o noso Concello, solicitando a súa devolución para a unha

posterior confección dos mesmos adecuándoos á realidade e non a promesas feitas no aire.

Nunha fuxida cara adiante, practicando unha política de terra queimada, o PP presenta uns orzamentos, os máis elevados que nunca tivo o Concello, 17 millóns de euros, por mor da execución do PXOM, que suporá que a final de ano A Estrada estea endebedada en máis de 9 millóns de euros, é dicir, que cada estradense deberá ás entidades de creto, máis de 400 euros, e todo grazas a pésima política de aforro que leva a cabo o PP, que leva a incrementar, máis unha vez, a débeda do Concello, elevándose ésta en 3 millóns de euros a respecto do ano pasado, grazas ao incremento do gasto corrente, que sube un 17%, nomeadamente o apartado de persoal, e concretamente as gratificacións.

A respecto dos ingresos por impostos e taxas, e segundo o informe remitido pola intervención do Concello, están inflados, non se aproxima o máis mínimo á realidade dos ingresos que terá o Concello. E para rematar, no capítulo de inversións suliñar que se a COTOP non aproba o PXOM, o capítulo de inversións sería inferior en 147 mil euros a respecto do ano 2005, que xa eran escasos; é dicir, o PP só se dedica a mal gastar os cartos de todos e todas.

O BNG considera que non se pode soste por máis tempo esta situación, o PP desde que goberna incrementa ano tras ano a débeda do Concello, hipotecando o futuro da Estrada; cómpre pois, un cambio de goberno que practique unha política de aforro, de inversións, de gasto, ... que devolva a ilusión aos viciños e viciñas, e este cambio só pode vir da man do BNG, que xa deu sobradas mostras de saber gobernar e de solucionar os problemas dos/as estradenses.

Se desexas recibir máis información, escríbenos indicando os seguintes datos:

Nome e Apelidos: _____

Enderezo: _____

CP: _____ Localidade: _____

Bloque Nacionalista Galego de A Estrada

Rúa Xusto Martínez, 12-1º - 36680 A Estrada

Teléfono: 986 590002

Correo: estrada@bng-galiza.org

<http://www.benega.info/aestrada>